

SiSONS

Enclave Musical

MEMORIA

MusicArte



O SiSons Enclave Musical crea un novo formato onde reunir a profesionais do sector cultural e musical , arredor de diferentes espazos da cidade de Santiago de Compostela.

Este encontro de profesionais realizouse os días 21, 22, 23 e 24 de Outubro, presentando diferentes actividades abertas ao público que englobaron cultura e música, así coma charlas, showcases, ponencias, concertos e outras actividades paralelas.



Organizado por Musicarte e a Asociación Cultural Tres por Cuatro en colaboración co Concello de Santiago de Compostela, A Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e outros patrocinadores.

O obxectivo principal que se quixo alcanzar con este enclave é a dinamización da vida cultural en Galicia, así como promover as actividades musicais e artísticas dentro e fora da nosa comarca, xa que sufriron moito este último ano post pandémico.

Como se menciona arriba, despois da situación vivida, o sector cultural sufriu as peores consecuencias que ocasionou esta crisis. Unha diminución drástica que se notou tanto nas actividades culturais, como nos ingresos. En calquera caso, o sector amosou unha grande madurez e rigor profesional, nun contexto complexo e en circunstancias moi difíciles, implementando, cando foi posible, tódolos protocolos de saúde e confirmando que a cultura é segura.

Mirando cara o futuro con esperanza e ilusión, vislumbramos a necesidade de relanzar o sector cultural a través de este Enclave Musical en Santiago de Compostela, xuntando a un elenco de profesionais e artistas, para dar os primeiros pasos nun proxecto de diálogo, creación de novas formas de difusión e impulso da música galega.

Con todo isto, contamos na nosa primeira edición con **diferentes localizacións** para desenvolver este enclave musical, o Auditorio CIRP da Secretaria de Política Lingüística, onde comezamos o xoves 21; o auditorio do Hotel San Francisco, para a xornada do vernes; o auditorio o auditorio do colexio La Salle, para a xornada musical do sábado, ademáis dos CSC de Castiñeiriño, Fontiñas e Vite e finalmente para o peche o CSC de Conxo.



SiSons

Enclave Musical



O Luns 18 de Outubro presentamos ante o concello de Santiago, no Pazo de Raxoi, esta primeira edición do #SiSonsEnclaveMusical, cunha rolda de prensa presidida pola concelleira de urbanismo, vivienda, ciudad histórica, acción cultural e igualdad, Mercedes Rosón, acompañada polo promotor e organizador deste encontro José Francisco Saavedra, e a artista Sheila Patricia.



José Francisco Saavedra, Mercedes Rosón, María Blanco e Sheila Patricia.

A primeira xornada do [@SiSons.EnclaveMusical](https://www.instagram.com/SiSons.EnclaveMusical), comeza o xoves 21 no auditorio CIRP do Pazo de San Roque, onde fixemos unha presentación cunha Jam Sesión da man da artista galega Sheila Patricia e o musicoterapeuta Robert Pier. Esta actividade consta dunha reunión de músicos e cantantes, neste caso englobados dentro de jazz, que improvisando libremente xorden novas melodías e cancións.





A xornada do venres 22 , continuou no auditorio do Hotel San Francisco, onde contamos nesta etapa con diferentes profesionais do sector cultural galego.

Comezamos a mañá cun relatorios do sector das ‘Feiras de Galicia’, contando coa presenza de D.Xosé Manuel Aldea, de Culturgal; con D.Roberto Pascual, do MIT de Ribadavia; e por último a Dña. Aitana Cuétara, de MUMI. Nesta intervención falamos sobre o desenvolvemento das feiras que levan a cabo estes profesionais, e como afectou tamén a pandemia e post-pandemia neles.



Para enlazar coa seguinte charla, puidemos amenizar cun pouco de música presentando o **showcase de Sheila Patricia**, acompañada do seu grupo. Unha sensacional demostración do talento e forza que desprende esta artista coa súa voz particular e única.



Rematamos a mañá de ponencias contando coa colaboración de tres profesionais dentro do departamento de **administracións** no sector cultural galego, como son D. Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; D. Xavier Campos, Asesor de Cultura da Deputación da Coruña; e por último D. Xaquín López, xerente do Auditorio de Galicia.

Compartiron connosco cuestións globais sobre apoios para o sector cultural, así como tocando temas de distintas subvencións, ou como está a percepción do sector cultural tras a pandemia vivida en España.



Antes de xantar tivemos a oportunidade de contar con dúas grandes artistas como son a de Irene Caruncho e Sofía Oriana, dúas rapazas que xuntan as súas enerxías para crear varios temas orixinais entre os cales destacan “To find the shadow” y “No te sueltes”. Nas súas cancións combinan dúas perspectivas musicais distintas creando algo novedoso e cheo de talento.



A tarde do venres comezou coa intervención de **María Nieto**, de Clubtura, xunto a **Nonito Pereira**, de PolyRock. Nesta charla tocáronse temas de monetización de futuros proxectos e de como se encontra o mercado dentro do noso sector cultural.



Como momento descanso da tarde, entre charla e charla, tivemos a oportunidade de disfrutar do **showcase de Paloma Suanzes e Tania Capón.**

Leva adicándose ao mundo do espectáculo e da música folk en Galicia dende o ano 95, quen colaborou con grandes artistas do panorama musical galego e prosigue a súa carreira colaborando actualmente no grupo A Quenlla e con formacións de cuarteto e quinteto con outras artistas galegas.



Continuamos coa última das ponencias que engloba outros sevizos, onde contamos coa colaboración de Carlos Lorenzo de AGPXC; Xabier Mera, de Músicas ao Vivo; e por último con Tomi Legido, de Clubtura.



Como peche deste día cargado de charlas dos profesionais, contamos coa colaboración de **Xoán Curiel** e a súa arpista **Bleuenn Le Fric**, quenes a través da súa música lírica medieval galego-portuguesa amenizaron o fin de esta xornada.

SiSONS

Enclave Musical



A xornada do sábado 23 de outubro de 2021, deste enclave musical tivo como localización principal o auditorio do colexio La Salle, onde contamos con música en directo de diferentes grupos musicais durante todo o día.

Unha actuación moi especial abriu a mañá da man de Pan Sen Fron, grupo de música tradicional galega feito con voz e percusións, sendo a pandereta o seu principal instrumento.



Proseguimos este día cargado de música cunha sesión vermut, de 13.00h a 14.30h co grupo **Amoeba Split**, recentemente chegados da Coruña para mostrarnos un pouco dos seus temas clasificados dentro do xénero “jazz-rock progresivo”.



Complementando estos conciertos, tivemos a oportunidade de realizar actividades paralelas en distintos centros cívicos da cidade.

No Centro Sociocultural de Vite contamos cunha nova proposta para a mocidade, consta dunha actuación do grupo coruñés **The Vibe Project**, cos seus bailes que engloban a cultura k-pop.

Neste centro tamén puidemos contar na xornada da tarde cunha programación para os mais pequenos da man de **Oviravai** e a súa actuación 'Paio e o poder da música', ás 18.00h.



No Centro Sociocultural de Castiñeiriño disfrutamos de **Fernando Pujalte** e a súa 'Cinecleta', un proxecto de recuperación e exhibición de películas de cinema doméstico en formato 8mm, Super 8 e 16mm, filmadas por afeccionados e cineastas amateurs galegos no século pasado.

E por último, no Centro Sociocultural de Fontiñas, presentamos o 'MIP' coa colaboración do musicoterapeuta **Robert Pier**, quen é a principal voz deste proxecto.



Para finalizar ás xornadas da tarde no Auditorio de La Salle, contamos con dúas grandes actuacións musicais dos grupos, **Maraya Zydeco** e pechando con **Adhara&Ritman**. Dúas propostas que presentan gran forza cos seus temas e unha gran profesionalidade como artistas.



MARAYA ZYDECO



ADHARA&RITMAN

Como peche do SiSons Enclave Musical, completouse cunha das actuacións máis especiais da man do grupo vocal feminino Entrelas, no centro cívico de Conxo, o domingo pola mañá. Nel puidemos gozar das maravillosas voces das oito integrantes que conforman o grupo e que demostran con cada actuación o seu entendemento dentro da música coral.



A modo de resumo dos **agradecementos**, primeiramente agradecese ás institucións que apoiaron esta primeira edición do #SiSonsEnclaveMusical, contando co Concello de Santiago , a Deputación da Coruña e Xunta de Galicia.



Tamén agradecer o traballo voluntarioso que fixeron os alumnos da escola de audiovisuais, **Raio Verde** de Santiago, quenes prestaron a súa axuda para os tres días do evento.



E finalmente, a quen fixo todo isto posible, tanto a organización de Musicarte e a Asociación Tres por Cuatro, coma todos os profesionais do sector que acudiron como poñentes ou público, e aos tremendos artistas que coa súa música amenizaron o clima do SiSons Enclave Musical.



Con todo isto, deixamos o vídeo resumo do que foi esta primeira edición do Si Sons Enclave Musical, onde poidedes comprobar a maxia que xurdiu durante estes catro días.

Vídeo [Resumo do SiSons Enclave Musical 2021:](#)



